

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE MAIO DE 2008, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a : MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e sete de maio de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17/04/2008)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezasete de abril do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Aprobación, se procede, da modificación puntual nº 1 do PXOM

Dáse conta do informe favorable da Comisión de Urbanismo coa seguinte proposta:

Considerando que mediante providencia da Alcaldía de data 12 de febreiro de 2008, se manifestou a necesidade e conveniencia con relación ós intereses públicos e privados concorrentes, de promover a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, aprobado por Orde do 30 de Xaneiro de 2007 (DOG número 30 do 12/02/07) e por Orde do 8 de maio de 2007 (DOG número

99 do 24/05/07), en cinco zonas que forman parte do Sistema Xeral de Equipamentos e Dotacións, pasando de Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria (R2) a Solo Rústico de Protección Ordinaria (R1), que abranguen o ámbito dos cemiterios sitos nas parroquias de San Andrés de Illobre, San Pedro de Vilanova, Santa Baia de Vedra, San Mamede de Ribadulla e San Pedro de Sarandón.

Considerando, a tenor do disposto no artigo 93.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que non é preciso obter o informe previo do órgano autonómico competente para a aprobación inicial.

Considerando que se remitiu o proxecto ó órgano ambiental competente que se pronunciou informando, a través da Decisión de 7 de maio de 2008 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, a non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica a modificación puntual proposta.

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o informe de Secretaría, propónse a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o proxecto de modificación puntual número 1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, no termos que obran no expediente e proxecto presentado.

2º.- Abrir un período de información pública polo prazo de un mes, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous xornais de difusión da provincia. Durante o mencionado período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten, de ser o caso, as alegacións que estimen pertinentes.

3º.- Suspender o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de modificación. A suspensión terá unha duración máxima de 2 anos.

4º.- Solicitar, simultaneamente ó trámite de información pública, os informes sectoriais que procedan; que deberán ser emitidos no prazo de un mes.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG manifesta a súa sorpresa de que xa sexa preciso modificar o PXOM e expón que se ben a responsabilidade é de todos os grupos non é mesma para todos e que, no seu momento, a oposición xa protestou nas distintas fases de exposición do plan polo pouco tempo de estudo do mesmo, se ben votará a favor da modificación proposta ó ser necesaria.

O Sr. Alvela de TEGA di que, a pesares de que, na aprobación do plan existiu improvisación, votará favorablemente a modificación proposta.

O Sr. Martínez do PP manifesta o apoio á citada modificación.


A Presidencia expón que o planeamento despois de aprobarse hai que desenvolverlo e este é un caso concreto.

A Sra. Guitián, intervén de novo, e di non estar de acordo e que foi mal calificado o solo.

Posto a votación o citado acordo apróbase por unanimidade dos asistentes

3º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE en relación co anteproxecto da lei integral en materia de drogodependencias e outros trastornos aditivos

Dáse conta da moción do PSdeG-PSOE, na que en relación co anteproxecto da Lei integral en materia de drogodependencias e outros trastornos aditivos e tendo en conta a importancia do sector vitivinícola en Galicia, propón:



Dirixirse á Xunta de Galicia para solicitarlle que na elaboración do anteproxecto normativo citado, naquilo que poida afectar ó sector vitivinícola e para facer compatibles os seus lexítimos intereses cos da protección da saúde, se teñan en conta as seguintes consideracións:

1º.- Que, pola importancia socioeconómica que ten o sector do viño en Galicia, non se impulsen decisións que diminúan a súa capacidade productiva e o seu potencial para producir emprego e riqueza en amplas zonas do rural galego

2º.- Que no plano das definicións, regulacións e restricións, referidas a bebidas alcohólicas fermentadas en xeral e ó viño en particular, e ó seu consumo por adultos, non se vaia máis alá da legalidade vixente, agás no que afecte á relación alcohol/condución e ás restricións relativas a menores de idade

3º.- Que a regulación neste ámbito teña como obxectivos fundamentais: protexer ó menor fronte ó alcohol, evitar a asociación alcohol e condución, e a diminución do consumo abusivo de bebidas alcohólicas, sobre todo as destiladas, por parte da poboación xuvenil

4º.- Que a norma, respectando as competencias da administración local, permita acadar un axeitado nivel de convivencia cidadá no emprego racional dos espazos públicos en Galicia.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que hai un consenso xeral de todos os grupos a que se regule este tema e se protexa ó viño, en consideración a motivos de toda índole: culturais, económicos...etc., e que a moción do seu grupo pretende defender ó sector vitivinícola nesa lei.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que basicamente, no fondo, as mocións do PSdeG-PSOE son semellantes, se ben a do PP rexeita de plano o anteproxecto de lei, e sen embargo considera que a drogodependencia si hai que regularla e que a postura do BNG é protexer ó viño, incluso por elaborar unha lei do viño en Galicia, presentando unha emenda para tratar de acadar un consenso entre todos os grupos políticos e refundir ámbalas dúas mocións

Pola súa banda o Sr. Alvela de TEGA di estar a favor do consenso para refundir ámbalas dúas mocións, e se as dúas seguen adiante él votará favorablemente as dúas.


O Sr. Lema do PP di que a súa vontade é de consenso, aínda que non se chegou a él, dado que hai aspectos importantes ós que o seu grupo non pode renunciar, entre eles, o rexeitar o proxecto. Expón tamén que, malia o anterior, o seu grupo se absterá nesta moción, polo que manterán a súa

Posta a votación, o Pleno, con 7 votos a favor do PSdeG-PSOE e TEGA, e 6 abstencións de PP e BNG, aproba a citada moción.

4º.- Acordo, se procede, sobre moción do do PP para a supresión de toda referencia ó viño na Lei integral en materia de drogodependencias e outros trastornos aditivos

Dáse conta da moción do PP na que en relación co anteproxecto da Lei integral en materia de drogodependencias e outros trastornos aditivos e tendo en conta a importancia do sector vitivinícola en Vedra, propón:

1º.- Amosar o rexeitamento do Concello de Vedra, como representante de todos os seus veciños e veciñas, ó anteproxecto da Lei Integral en materia de drogodependencias e outros trastornos aditivos



2º.- Asimesmo instar á Consellería de Sanidade para que retire toda referencia ó viño na citada lei.

Posta a votación a citada moción apróbase con 6 votos a favor do PP e TEGA e 7 abstencións do PSdeG-PSOE e BNG.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP solicitando a derogación do Decreto das Normas do Hábitat Galego

Dáse conta da moción do PP na que expón que con motivo da entrada en vigor das Normas do Hábitat Galego, aprobadas por Decreto da Xunta de Galicia o 17 de xaneiro, sen ben tratan de mellorar as condicións das vivendas presenta moito aspectos que, aplicados na práctica, suporán evidentes prexuízos para os veciños, polo que propon instar á Xunta de Galicia para :

1º.- Derrogar o actual Decreto das Normas do Hábitat Galego co fin de elaborar outra norma que naza froito do consenso coas forzas políticas e sociais, as administracións locais, nomeadamente coa Fegamp, e os sectores empresariais e profesionais afectados, e que permita garantir unha mellor calidade de vidas dos cidadáns e non dificulte o desenvolvemento urbano e urbanístico dos concellos galegos.

2º.- Remitir este acordo ó Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, á Fegamp e ó Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que se de algunha norma se sente orgullosa das aprobadas polo goberno galego é por esta, ó ver como ata agora se incrementaba o prezo da vivenda á vez que disminuía a súa calidade e que, en todo caso, non se pode defender os intereses especulativos; por todo iso non vai apoiar nin a moción do PP nin a do PSdeG-PSOE, rexeitando que se produza inxerencias nas competencias municipais.

O Sr. Alvela de TEGA expón que estamos ante dúas mocións semellantes , que distinguindo as especulacións que son rexeitables, ámbalas dúas coinciden en que hai inxerencias en competencias municipais e por iso votará a favor de ámbalas dúas.


O Sr. Lema do PP expón que se se quere ir máis alá da moción do PSdeG-PSOE, que ó seu grupo está a favor das melloras pero en contra do incremento que estas supoñen para o particular e que ademais a regulación é excesiva e que ese intervencionismo non debe darse neste momento, polo cal están a favor da moción e absteranse na do PSdeG-PSOE.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que como os motivos de fondo son diferentes, votarán en contra da moción do PP.

En canto ó exposto por dona Xosefina Guitián, di que o ámbito superior non está para este tema, xa que o urbanismo é competencia municipal e que debe darse ós concellos máis autonomía e medidas para exercer as súas competencias.

Dona Xosefina Guitián di non estar de acordo con que todo o urbanismo sexa de competencia municipal e que iso invada a autonomía local..

Posta a votación a citada moción rexeitase con 7 votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG e 6 a favor do PP e TEGA.



6º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE sobre o Decreto 262/2007 aprobando as normas do Hábitat Galego

Dáse conta da moción do PSdeG-PSOE na que en relación coa entrada en vigor do Decreto 262/2007, polo que se aproban as normas do Hábitat Galego, expón que o citado Decreto incorre en infraccións do principio de xerarquía normativa por canto contradí outras normas de carácter superior e de infraccións en materia do principio de competencia, na medida en que non respecta o ámbito competencial alleo por canto a súa intervención en determinadas materias está moito máis preto da ordenación urbanística que o establecemento de estándares de habitabilidade, chocando coas competencias propias dos concellos en materia de planeamento e a través dos procedementos previstos na normativa urbanística, polo que propón a adopción do seguinte acordo:

Instar á Consellería de Vivenda a:

1º.- Sen prexuízo das melloras que o Decreto das Normas de Hábitat Galego pretende introducir a prol dunha maior calidade da vivenda en Galicia, se abra un período de diálogo cos concellos, representados pola Fegamp

2º.- Neste proceso de diálogo, se creen os instrumentos necesarios para modificar determinados aspectos do Decreto, que inciden na Autonomía Municipal e nas competencias locais, que con garantías de cumprimento, fixera posible a retirada do recurso presentado

3º.- Remitir este acordo ó Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Vivenda e á Fegamp.

Posta a votación a citada moción apróbase con 7 votos a favor do PSdeG-PSOE e TEGA, 1 voto en contra do BNG e 5 abstencións do PP.

7º.- Acordo, se procede , sobre moción de TEGA para un tratamento diferenciado ó resto das bebidas alcohólicas para Augardentes e Licores de Galicia amparados pola denominación xeográfica

Dáse conta da moción de TEGA na que á vista do anteproxecto da Lei integral en materia de drogodependencias e outros trastornos aditivos e tendo en conta que a subzona do Ulla como productora de augardente de calidade dentro da D.X. de Galicia, que comprende o concello de Vedra na súa totalidade, ten unha recoñecida fama, e que a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de Promoción e defensa da calidade alimentaria galega, inclúe na súa definición de produto alimentario as bebidas espirituosas , entre outros, e que fai referencia explícita a protección dos produtos amparados polas denominacións xeográficas galegas de augardentes e licores, proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Amosar o rexeitamento do Concello de Vedra, a redacción actual do anteproxecto da Lei integral en materia de drogodependencias e outros trastornos aditivos

2º.- A inclusión das D.X. das augardentes e licores tradicionais de Galicia nas campañas institucionais de divulgación dos produtos agroalimentarios de calidade e tradicionais de Galicia, entre os que se atopa a nosa zona.

O Sr. Alvela de TEGA expón que despois de loitar por manter o status de zona para a Augardente do Ulla, atópanse con este problema e expón que o seu consumo é como bebida espirituosa, non sendo un produto que apareza nos botellóns e que todo iso é un contrasentido o que establece a lei.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que está de acordo coa moción; non obstante en función da súa redacción absterase.

O Sr. Lema do PP expón que se suman á moción de TEGA por considerala razoable, xa que estas bebidas ata o de agora non presentan abusos.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que por coherencia non votarán a favor pero dado que non se conseguiu refundir as anteriores o seu grupo absterase.

O Pleno con 6 votos a favor do PP e TEGA e 7 abstencións do PSdeG-PSOE e BNG, aproba a citada moción

8º.- Acordo, se procede, sobre moción de TEGA para a adaptación da televisión dixital terrestre (TDT)

Dáse conta da moción de TEGA na que expón que con motivo da publicación do Real Decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan Técnico nacional da televisión dixital terrestre, no ano 2010 só se poderá recibir a televisión a través do sistema dixital que, por outra banda, presenta moitas vantaxes respecto ó sistema analóxico, e se ben a nivel nacional a día de hoxe a cobertura ronda o 85% ,a situación en Galicia é algo peor debido as dificultades que entraña a difícil orografía e a dispersión xeográfica da nosa comunidade, polo que proponse:

1º.- Iniciar os trámite para dotar de televisión dixital a todo o concello

2º.- Solicitar as subvencións pertinentes á Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual no momento que se abra o prazo

3º.- Colocar os microemisores necesarios para conseguir que no ano 2010 os veciños de Vedra poidan seguir disfrutando do servizo universal de televisión

O Sr. Alvela de TEGA dá unha explicación ó respecto e solicita o apoio dos grupos

Dona Xosefina R. Guitián do BNG felicita a TEGA polo contido e documentación da moción.


O Sr. Lema do PP adhírese ó expresado por dona Xosefina Guitián

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que a partida de subvencións para este tema é moi pequena, pero que tratará de resolverse coa vontade de todos os grupos que se poida acometer con medios propis.

Posta a votación a citada moción apróbase por unanimidade dos asistentes

9º.- Dar conta de comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre caducidade de recurso contencioso-administrativo interposto contra da aprobación definitiva do PXOM

Pola Presidencia dáse conta de auto dictado pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG polo que se acorda a caducidade do recurso contencioso-administrativo (Proced. Ordinario 4185/2007) interposto contra da aprobación definitiva do PXOM.



10º.- Contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior

--Pleno do mes de marzo

1.- Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG , a Presidencia contéstalle:

*Sobre do asfaltado de zonas verdes, di que o campo da festa de San Mamede que ten no PXOM tres calificacións: N1, equipamento deportivo e zona libre, di que nas dúas primeiras que se pode asfaltar e na terceira nunha porcentaxe tamén, que foi solicitado pola AA.VV e que dada a súa escasa incidencia concedeu-se.

*Sobre das licenzas para os peches do recinto hoteleiro de Aldea Grande, di que é do 20 de decembro de 1999

*En canto á legalidade de conceder 4 días de prazo para a presentación de instancias nunha convocatoria, di que non é o habitual pero que podería selo, depende da convocatoria

*Polo que respecta á pregunta sobre goteiras no pavillón, o Sr. Sánchez contesta que se fixeron probas cun produto novo en dúas filas en función de por onde entraba a auga e que se ben ó principio funcionou, parece que existen de novo goteiras.

*Sobre do proxecto da estación de Santa Cruz, di que se fixo unha primeira fase e nun futuro se continuará

2.- Ás preguntas do Sr. Alveta de TEGA, a Presidencia contéstalle

*Sobre da construción de beirarrúas en San Miguel de Sarandón di que se falou con Vías e Obras da Deputación para que rectifiquen os planos de planta, xa que estaban mal ubicadas as mesmas

*Sobre das pistas incluídas na concesión da Xunta publicadas no DOG do 18/03/2008, di que son as do PEIM Rural de agricultura

3.- Ás preguntas formuladas polo PP, a Presidencia di:

*Sobre do saneamento de San Xián de Sales di que están a traballar alí

*Sobre da páxina web do concello, que xa está en funcionamento

*Sobre da gravación dos plenos, que xa funciona


*Sobre da estrada de San Xián, que esa obra xa saiu a concurso e que esté pendente de adxudicar o mesmo.

11º.- Rogos e preguntas

-- Dona Xosefina R. Guitián do BNG, pregunta:

1.- Cal era o contrato que viña mantendo o concello coa empresa Icages Consulting, S.L?

2.- En relación á solicitude de subvención para a realización de obras e infraestructuras deportivas convocada pola Consellería de Cultura e Deporte por orde do 5 de marzo de 2008, e que se acordou solicitar para a construción dunha pis-



ta polideportiva en San Fins por unanimidade de todos os grupos políticos: leron os responsables de deporte do concello a convocatoria antes de redactar a memoria que pretende xustificar o investimento? Xa que a memoria consultada por esta concelleira non fai alusión a aspectos que puntúan na convocatoria, e que se dan neste concello e que polo tanto deberían figurar?

3.- Despois dun ano da denuncia do Convenio do Museo Paz Camps: que se fixo no concello para redactar un novo convenio ou ben recuperar a casa para o concello?

4.- Fixo o concello algunha vez unha avaliación do funcionamento de servizos como a Oficina de Turismo, a Biblioteca Municipal ou o Museo Paz Camps, para saber cantas visitas e usuarios teñen e informarnos ós grupos políticos para saber se o funcionamento e horarios dos servizos son os correctos?

--Don José Alvela de TEGA pregunta :

1.- Cal é oficialmente a base do coche cisterna, é a do seu conductor-es?

2.- Que hai de certo no rumor de que hai un médico que solicita ocupar o centro médico de Santa Cruz?

Asimesmo roga que se planifique da mellor maneira, por parroquiais e lugares o desbroce das marxes das pistas

--O Sr. Martínez do PP formulas as seguintes preguntas e rogos:

1.- A pedimento dos veciños de San Pedro de Sarandón, pódese cambiar de sitio a depuradora de San Pedro de Sarandón?

2.- Que xestións se están a facer dende o concello para a instalación do ascensor na Casa de Cultura de Santa Cruz de Ribadulla?

3.- Vanse repartir as guías de Mercavedra polas casas do termo municipal? Se non é así, solicita que se faga.

4.- Cal é a situación do Museo Modesto Paz Camps

5.- Fai uns días saíu nun xornal unha reportaxe sobre do Miradoiro de Sales. Vai o concello tomar algunha medida?

Rogos:

1.- Na medida das posibilidades do concello colabore coa man de obra para a pintura do interior da igrexa de San Fins

2.- En canto á gardería municipal, que se coloque un colector de vidro e outro de cartón e se amplíe a luz pública

3.- Que se revisen ou melloren os medios de seguridade na ludoteca, fundamentalmente no que se refire ó ascensor


4.- Que se arranxen as marquesiñas en Pousada e Rozadela

5.- Se arranxe a pista en Trobe "Chousiña", cerca do río, ó ser a única de acceso ó río en caso de incendio

6.- Colocar un colector en Trobe, á altura da casa de Emilio Pazos

7.- Apertura, coa pala municipal, do camiño en Laraño, detrás dos chalets de Val de Matelo e Señorío de Sales

8.- Solicitar a felicitación do concello para Augardentes de Galicia polo premio acadado na XIV feira de Bruselas e a don Francisco Javier Carro Castro, ó



ser o único alumno na historia da escola de Arquitectos de Galicia en acadar o dobre premio: mellor expediente académico e mellor traballo de fin de carreira

12º.- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, á abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión

Non se formulan rogos nin preguntas e conclúe a sesión ó fio das vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos

